



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 2/2018, EXTRAORDINARIA CON CONTIDO DE ORDINARIA (13-3-2018)

EXPEDIENTE: 2018/G003/000096

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2/2018

CARÁCTER : Extraordinaria (martes 13 de marzo de 2018 ás 12:20 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno** (no que se facultou a esta Alcaldía"(...) *para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia*", e tendo en conta que, como se comunicou aos membros da Corporación por esta Alcaldía, os correspondentes expedientes non estaban ultimados para poder aprobalos na data prevista para a correspondente sesión ordinaria- 25 de xaneiro de 2018) e aos efectos de poder optimizar os recursos con que conta a Administración municipal, convoco a correspondente a **xaneiro de 2018 (con carácter extraordinario mais co contido dunha sesión ordinaria), para o martes 13 marzo de 2018, ás 12:20 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da segunda sesión anterior (nº 9/2017, extraordinaria, do 19 de decembro de 2017).
- 2.-Proposta de elección polo Pleno do Concello de Carral de xuíz de paz substituto para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 3.-Proposta de aprobación inicial de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral .
- 4.-Proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2018.
- 5.-Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello. **6.-** Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do

7.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

8.- Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución aos/ás Sres/as. concelleiros/as membros do órgano convocado, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación do asunto incluído na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval